

AS DESAGRADECIDAS (2): ESTÉTICA DO DESAXUSTE

Un dos aspectos paradoxalmente máis atractivos da obra de Jean Renoir é que todo está *preto*. É o único director de cine do mundo que se pode permitir tratar aparentemente o cine con esta desenvoltura. Cómpre chamarse Renoir para ter o atrevemento de rodar a Gorki nas beiras do Marne, ou para facer un elenco como o d'*A regra do xogo*, no que case todos os actores, agás os criados, están marabillosamente fóra de lugar. Se cumprise cualificar cunha palabra a arte de Renoir, poderíase definir como unha estética do desaxuste. *Boudu salvado das augas* non escapa a esta regra. Neste filme o guiión está amorosamente *preto* do tema, os actores *preto* dos seus papeis, a interpretación *preto* da situación. Non se trata, para dicir a verdade, dunha cuestión de planificación, porque é precisamente a posta en escena a que dirixe a danza cunha habilidade diabólica, e mesmo a que obriga a este universo estético contraditorio a se ordenar nun estilo.

Non chegarei a dicir que os mellores momentos de *Boudu* son aqueles en que todo é falso, pero si direi que, se os cumios da obra de Renoir son adoito admirables pola xusteza e o realismo do seu ton, ás veces tamén deben o seu abraiante relampo a contrasentidos dramáticos coidadosamente mantidos.

Unha das mellores escenas de *Boudu sauvé des eaux*, a da tentativa de suicidio na Pont des Arts, foi rodada con evidente desprezo pola lóxica da escena. A xente congregada sobre a ponte e nas marxes do río proporciona unha abondosa figuración benévola que non asiste, evidentemente, a catástrofe ningunha. Atópase alí congregada para ver rodar unha película, toda esta historia divírtea e lonxe de pretender que aparente a emoción que requiriría a veracidade da escena, poderíase pensar que Renoir animouna a que manifeste a súa divertida curiosidade. A montaxe tampouco contribúe a facernos pensar que esa xente está interesada por Boudu, todo o mundo mira á cámara coma nos noticiarios e, coma se pensase que a relativa falsidade da interpretación non é demasiado evidente, Renoir filma os planos do salvamento dende detrás da xente, de forma que non queda dúbida ningunha sobre a súa ausencia de emoción.

Este paradoxo aumenta máis aínda se pensamos que Renoir é un dos mestres do realismo cinematográfico, herdeiro da tradición literaria naturalista e do seu contemporáneo, o impresionismo pictórico. Menos da metade destas "faltas" condenarían a calquera outro director. Pero, polo contrario, forman parte integral do estilo de Jean Renoir, frecuentemente do mellor que hai no seu estilo. Sucede que, para Renoir, poucas veces o importante está no valor dramático da escena. O drama, a acción mesma no sentido teatral ou novelesco, non son senón pretextos do esencial e o esencial atópase sempre no que se ve, que é o que constitúe a materia mesma do cinema. O drama, como é lóxico, está para iso no cine, pero a historia pódese desenvolver por si mesma. Basta só con indicala para que o espectador sinta o

pracer de comprendela. Mediante o cal o verdadeiro filme queda por facer, isto é, a vida dos personaxes, dos obxectos, da luz, colocados sobre o drama coma as cores sobre o bosquejo, pero sen quedar directamente subordinados. Pode chegar a ocorrer que interese que tanto o bosquejo coma a luz reborden un sobre o outro. Renoir obtén os seus efectos máis sutís do seu desaxuste, que lle permite reunilos admirablemente cando quere. Volvamos a *Boudu sauvé des Eaux*. Boudu tírase ao río sen saber por que. Porque ten demasiada calor? Porque perdeu o can? Porque a cara dun xendarme non lle agrada? E despois de todo, que outra cousa se pode facer?; Boudu tírase ao río, isto é o esencial e vós comprenderédelo tamén. Se cadra gustariavos que houbese uns planos máis próximos para explicar *como* afoga. Iso sería sadismo; posto que non envenexades que se bote á auga, deixádeo facer, que non é asunto voso. Faredes mellor en mirar as marxes do Sena e a Pont des Arts (que ten o aspecto de estar construída con caixas de mistos), a rebordar de xente, e os pescadores en ringleira e inqedos porque isto vai escorrentar os peixes.

Por outra parte, a distracción mesma que a cámara vos impón non é, en último extremo, a que mellor pode servir a acción, posto que fariades o mesmo que fai Boudu se forades vós o que afogaban.

Así é como o desaxuste constitúe en Renoir a mellor forma de expresar a súa ironía.

Función da música en Boudu, Esencialmente un indicativo erótico, xa sexa para anunciar (por exemplo, o órgano de manivela na rúa), xa sexa para sinalar (cando Anne-Marie cantaruxa, cando Lestinguois toca ao piano "Les fleurs du jardin..."), xa sexa triunfal e simbólica (a corneta do zuavo¹ reproducida nun gravado mural). Digamos que, en calquera caso, cando se oe a música en Boudu, sabemos que un personaxe desexa.

O encanto de Boudu está na glorificación da vulgaridade. Na formalización civilizada e desenfadada da máis fresca lubricidade. Boudu é un filme magnificamente obsceno.

Todo o que pode facer un actor nun filme, Michel Simon faino en Boudu, todo, mesmo andar polas paredes.²

Notas manuscritas de Andre Bazin, tiradas de BAZIN, André (1999): Jean Renoir. Periodos, filmes y documentos (Barcelona, Paidós)

[1] Zuavo: Soldado dun corpo de infantaría que formaron os franceses en Alxeria en 1831 (digalego.com, dicionario en liña da editorial Ir Indo, NdT)

[2] *Boudu sauvé des Eaux* inspirase nun vodevil de René Fauchois, estreado en Lyon en 1919, que fora interpretado polo propio Michel Simon nos escenarios teatrais.

■ **AS DESAGRADECIDAS. PRÓXIMAS SESIÓNS:**

Mércores 9 de novembro | 21:30 h

Boudu salvado das augas (*Boudu sauvé des eaux*, Jean Renoir, Francia, 1932, 85', VOSG)

Mércores 16 de novembro | 21:30 h

Cada un para si propio e Deus contra todos
[*O enigma de Kaspar Hauser*] (*Jeder für sich und Gott gegen alle*, Werner Herzog, RFA, 1974, 110', VOSG)
Presenta: Proxecto Derriba

Mércores 23 de novembro | 21:30 h

O vídeo de Benny (*Benny's Video*, Michael Haneke, Austria-Suíza, 1992, 105', VOSG)

Mércores 30 de novembro | 21:30 h

A cerimonia (*La cérémonie*, Claude Chabrol, Francia-Alemaña, 1995, 112', VOSG)

■ **PROXECCIÓNS**

Entrada de balde | Bono-axuda: 1 euro

Mércores na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21)
cineclubedecompostela@gmail.com
<http://cineclubedecompostela.blogaliza.org>

■ **ASOCIACIÓN**

O Cineclube de Compostela tenta ser unha asociación autoxestionada.

Para manter o noso funcionamento, propoñemos unha aportación económica persoal:
Cota mensual traballadores/as: 5 e.
Cota mensual para estudantes e parados/as: 3 e.
Socios/as protectores/as: 75 e./ano